

Arteixo é arte

Ven descubrila

Benvindos a Arteixo





Arteixo ofrece a oportunidade de atoparse con valiosas mostras románicas e de estilos posteriores, sendo dos poucos municipios de Galicia que conservan unha pegada patrimonial destas artes tan interesante e en tan óptimas condicións.




Estas igrexas proceden nalgúns casos de antigos mosteiros de orixe beneditina, mentres que noutras ocasións son igrexas parroquiais cun encanto especial polo marco da paisaxe onde se sitúan.

Dentro desta unión de azul e verde, pódense descubrir os tesouros do románico de Arteixo, esparcidos por unha terra marcada pola fermosa conxunción de tradicións, arquitectura, mar e bosque, que ofrece ao visitante a oportunidade de coñecer os valores máis significativos deste estilo arquitectónico ademais de gozar da paisaxe natural e cultural.

Déixate arrastrar polas cores e os sentidos.

Sen dúbida, un lugar por descubrir.





Para acceder a Arteixo desde A Coruña pódese optar por vir pola estrada cara a Carballo AC-552 ou pola estrada AC- 415.

Tamén hai a opción de chegar pola autovía de peaxe AG-55, a cal conta cunha saída no centro do municipio.

Ademais, Arteixo está conectado directamente coa meseta a través da autovía A-6, a cal conecta á súa vez co aeroporto da Coruña, que está situado a 8 quilómetros.

Desde os concellos de Culleredo e A Laracha tamén se

conta con outras opcións de acceso que permiten chegar a Arteixo por estradas menos transitadas e que posibilitan coñecer mellor a súa vida cotiá e o seu espazo rural.

Linda ao nordés con concello da Coruña, ao leste co de Culleredo, ao sur e sueste co concello da Laracha, bañándose ao oeste e ao norte co Océano Atlántico.




A photograph of a historic stone church, likely a Romanesque or Gothic structure, featuring a large arched entrance and a prominent cross in the foreground. The church is constructed from light-colored stone blocks. The sky is blue with scattered white clouds. The text "Arteixo é historia" is overlaid in a blue, stylized font at the top left.

Arteixo é historia

Ven
sentila

Roteiro das igrexas de Arteixo





Igrexa de San Tomé de Monteagudo



A Igrexa de San Tomé está ubicada na parroquia de Monteagudo aparece xa nos instrumentos da alta Idade Media, indicando de forma clara unha orixe monástica.

Deste antigo mosteiro só se conserva a súa igrexa, que segue funcionando como igrexa parroquial.

Trátase dun edificio que constitúe unha mostra relevante do románico avanzado de finais do século XII. Fundouse por unha comunidade beneditina o que xustifica a súa ausencia decorativa e a pureza das liñas do románico clásico. Pertencía ao priorado de

Santa María de Cambre e preto da mesma pasaba a vía romana que percorría o Concello de Arteixo.

A cuberta é a dúas augas e a planta basilical, de tres naves divididas en tres tramos por catro pilares e tres ábsidas semicirculares na cabeceira nos que se abren sinxelas xanelas con arco de medio punto. A porta principal é moderna e a do muro norte, de arco semicircular, está tapiada, mentres que a do sur ten unha arquivolta semicircular tórica sobre unha columna por lado.

Os arcos de ingreso ás tres ábsidas son apuntados sobre semicolumnas acaroadas, pero os que están ao fondo destes son de medio punto. Os tramos están cubertos por bóvedas de canón apuntadas e, os tambores en que rematan as ábsidas, bóvedas de cascarón ou de cuarto de esfera. Ao fondo presentan os tres unhas xanelas estreitas cuxas seteiras ofrecen arcos de franca ferradura.




No exterior, a ábsida central está dividida en tres tramos por medio de dúas semicolumnas acaroadas. Todo ó longo da ábsida central aparece un esmerado aleiro de arquiños semicirculares apoiados sobre ménsulas. Esta última solución decorativa foi moi empregada nos últimos tempos do románico en Galicia. Nos muros hai contrafortes e unha curiosa e variada colección de canzorros.

A igrexa de Monteagudo entra na lista das igrexas románicas de tres naves de orixe monástico que temos en Galicia con

características similares, aínda que a igrexa de Monteagudo destaca tamén pola variedade de capiteis con gran simboloxía románica como é unha estampa das torturas do inferno, na figura de dúas cabezas humanas entre chamas.

Esta igrexa esta situada nun lugar privilexiado dende o que se pode gozar dunhas boas vistas, coa tranquilidade do rural de Arteixo ou mesmo facer un tramo da ruta de Sisalde que transcurre moi preto.



Igrexa de Santaia de Chamín



Atopamos outra pequena xoia do románico na parroquia de Chamín, moi preto da praia de Barrañán.

Este templo é unha igrexa rural románica do século XII, con posteriores reconstrucións. Dunha soa nave cuberta con falso teito de madeira e ábside rectangular abovedado conta cunha fachada que presenta unhas arquivoltas e tímpano cunha gran cruz bordeada por unha línea en zig-zag.


Nos muros laterais hai dúas sinxelas portas, a do lado norte, tapiada, e pequenas fiestras, a modo de saeteras, lixeiramente abocinadas cara ó interior.

A entrada ó presbiterio realízase por un arco triunfal semicircular que descansa sobre dúas semicolumnas adosadas. A este arco correspóndenlle no exterior dous sendos contrafortes.

É importante destacar a pila bautismal, unha peza de cantería moi interesante do románico con un borde labrado con dúas sogas.

Próxima ás súas inmediacións pasaba unha vía romana que continuaba até Sisalde e outros lugares.





Celebracións: San Brais (febreiro), San Xoán (24 de xuño) e Santaia (10 de decembro)

Igrexa de Santa Mariña de Lañas

Rastreando as pegadas do rómánico e moi preto de Chamín atopamos a igrexa parroquial de Santa Mariña de Lañas.


Esta edificación é outro bonito exemplar do románico do S. XII e principios do S. XIII. Ten unha soa nave con ábsida rectangular e está cuberta con tellado a dúas augas. A entrada ao presbiterio realízase mediante un arco triunfal apuntado que descansa sobre semicolumnas adosadas.

A bóveda que cobre a ábsida tamén é apuntada, así como os seus arcos de sustentación.

Os capiteis destas semicolumnas, de formas vexetais, non presentan parecido con outros da zona o que fai dela un modelo único. A portada principal, de arquivoltas semicirculares de sección tórica apoiadas sobre colmnas acodilladas, presenta decoración mediante bolas na arquivolta exterior.

Tamén aparece a decoración de bolas no arquitrabe que sustenta as arquivoltas, e nalgúns capiteis, presentando todos eles unha decoración vexetal moi singular.

A porta do muro sur, máis sinxela, presenta arquivoltas semicirculares de molduras tóricas apoiadas sobre columnas acodilladas. No tímpano represéntase unha cruz cos extremos en flor de lis, inscrita nun círculo.





**Celebracións: Santo Amaro dos Vello (xaneiro), Santo Amaro dos Mozos (abril),
Santa Mariña (18 de xullo) e Virxe dos Milagres (novembro)**

Igrexa de Santa María de Loureda

Continuando o percorrido polo románico atópase na parroquia de Loureda a Igrexa de Santa María, outra bonita mostra deste estilo que agocha no seu interior un impresionante tesouro.



Orixinariamente pertencía ao románico pero sufriu unha transformación mediante a cal se aprecia o estilo neoclásico na fachada con forma triangular en parte. Só a ábsida é románica, abovedada en granito con dous arcos apuntados.

Sobre o arco triunfal e no testeiro da nave penetra a luz por un fermoso rosetón.

Pero sen dúbida algunha a peza de maior interés a nivel artístico deste templo é o conxunto de tres retablos barrocos que alberga intactos no seu interior. O central é obra do escultor Xosé Ferreiro e o pintor Manuel Landeira Bolaño en 1775, segundo consta na inscrición que ten no altar maior detrás dunha das columnas.

Este maxestoso retablo no altar maior, é sen lugar a dúbidas unha obra maestra do seu tempo.





**Celebracións: San Antón (13 de xuño), o Corpus (xuño), a Virxe do Carme (16 de xullo),
Nosa Señora (15 de agosto)**

Igrexa de Santo Estevo de Morás

Máis ó leste, xa na parroquia de Morás, atópase a Igrexa de Santo Estevo, nun val afastado do "mundanal" ruído que invita ao recollemento e aos longos paseos polos seus camiños.



Esta igrexa, segundo a inscrición existente no muro exterior da igrexa esta foi construída no ano 1162, é decir, a mesma data que a da igrexa de Oseiro.

Trátase de outro bo exemplo do románico rural de Arteixo. O exterior da ábsida, rectangular, está resolto á maneira da escola Compostelá. Ten dous arcos cegos tendidos entre os contrafortes en cada muro lateral. Baixo dous destes arcos ábrense dúas ventás abocinadas. Tanto o muro sur coma os dous laterais da ábsida presentan baixo o aleiro unha boa e variada colección de canzorros dos máis variados motivos zoomórficos xeométricos.

A nave está cuberta con tellado a dúas augas, mentres que o ingreso ao presbiterio faise por medio dun arco triunfal apuntado apoiado en semicolumnas adosadas.

A bóveda da ábsida é tamén apuntada e ten dous arcos faxóns oxivais, que descansan sobre columnas semicirculares adosadas. Os capiteis, de gran tamaño están decorados a base de motivos vexetais. A fachada, o muro norte e a sancristía son de factura posterior, concretamente do século XVIII.



Celebracións: Santo Amaro dos Vello (xaneiro), Santo Amaro dos Mozos (abril),
Santa Mariña (18 de xullo), Virxe dos Milagres (novembro)

Igrexa de San Tirso de Oseiro

A primeira referencia documental de Oseiro aparece no ano 830 como consta na encomienda de Faro, segundo descrición de Tructinio.





Esta igrexa, de estilo románico (1161-64, tal e como indica a inscrición que se observa nun dos laterais da nave) posúe, entre os canzorros que sosteñen o tornachoivas, un no cal se representa un cáliz con hostia que pode ser a representación máis antiga que se coñece do escudo de Galicia.

Conserva dúas inscricións históricas referentes á construción e consagración da mesma, unha da segunda metade do século XII, na fachada, e outra mutilada, no interior da ábsida, de principios do XIII, referente a consagración.

É dunha nave, cuberta de madeira, con ábsida rectangular agregado a un corpo de presbiterio cuberto de bóveda de canón semicircular, sobre dous arcos da mesma directriz, apoiados sobre semicolumnas arrimadas. Os contrafortes do exterior da ábsida únense en arcos semicirculares e no testeiro da nave hai un pequeno rosetón de molduras e arquitos semicirculares e no fondo da ábsida atópase unha xanela cega.

No adro hai dous sarcófagos, un antropeide e outro cunha interesante cuberta das chamadas de “estola”, con curiosos relevos.





Celebracións: A Candelaria (2 de febreiro), San Brais (mes de febreiro), San Roque (domingo anterior a mércores de Cinza) e A virxe da Luz (2º fin de semana de xullo)

Santuario de Nosa Señora de Pastoriza

Un caso especial é o Santuario de Nosa Señora de Pastoriza, hoxe templo parroquial do que se conservan a memoria e os datos dun templo románico, derribado no século XVII.

A igrexa de Santa María constitúe o “Santuario da virxe de Pastoriza” de estilo barroco do século XVII, de unha soa nave e cun presbiterio que ten forma de ábsida semicircular románica.



Acubilla unha imaxe da virxe que data do século XIII. Sobre unha porta tapiada do muro norte conserva un tímpano, ao parecer do século XIV, coa Virxe sentada co Neno e os restos dunha inscrición de lectura difícil.

A imaxe da Virxe tan venerada é moi antiga. Primitivamente estaba sentada e a cabeza era distinta á que ten actualmente. Na fachada do actual Santuario salientan as imaxes de San Pedro, San Paulo e a Asunción da Nosa señora sobre da porta. Nun lugar máis elevado están as imaxes de Santa Bárbara, San Xosé e San Xoán Bautista. A virxe de Pastoriza áchase no centro do retablo.

Unha importante lápida sepulcral, cunha inscrición do ano 881, consérvase na Casa Rectoral, un antigo e curioso capitel con “follas de espadana”, aproximadamente do século IX así coma unhas doelas dunha arquivolta tórica, románica, do século XII.



Un camiño conduce desde o Santuario de Pastoriza ao Monte do Cruceiro onde hai unha imaxe, o “berce da Virxe” e un montón de pedras, lugar onde estivo agachada a Inmaculada.

Os romeiros dan tres voltas ás pedras, despois pasan por debaixo das mesmas e bican a imaxe da Santa. Este lugar ten unhas espléndidas vistas sobre o val de Pastoriza e A Coruña e conta con lendas coma a da “Silla do Rei”, unha pedra parecida a unha cadeira onde seica sentaba o rei suevo Rechiario para contemplar Suevos, a súa vila.

A orixe do Santuario e a devoción á virxe de Pastoriza están envoltos en infinidade de lendas e antigas tradicións, como as que están recollidas nun libriño, “La leyenda de la Pastoriza”, escrito pola recoñecida autora Dña. Emilia Pardo Bazán e publicado na Coruña en 1887.

“A fuer de buen coruñesa he profesado siempre cariño y devoción a la virgen del mar, de quien oigo desde mi niñez en boca de gente sencilla, mil historias prodigiosas”, escribía la condesa Pardo Bazán. Hoxe en día son centos de romeiros os que lle seguen profesando cariño e devoción á virxe, acudindo en peregrinación sobre todo na romaría do San miguel o 29 de setembro e logo continúan todos os domingos de outubro.



Celebracións: Nosa Señora (15 de agosto) e San Miguel (meses de setembro e outubro)

Contacto

Máis información na Oficina Municipal de Turismo que se atopa ubicada na Avda. de Fisterra, s/n



Ou tamén en Internet e nas redes sociais:



www.turismoarteixo.com



[ven@arteixoatlantico.com](https://www.facebook.com/ven@arteixoatlantico.com)



[@TurismoArteixo](https://twitter.com/TurismoArteixo)







CONCELLO DE
ARTEIXO

Concellería de Promoción Económica e Turismo

www.turismoarteixo.com

Arteixo é turismo. Descúbreo

